



ELPROGRESO

DE ACTUALIDADE · [Donald Trump](#)

[Paolo Gentinoli](#)

[Nicolás Maduro](#)

☆☆☆☆☆ No hay votos

0



SOCIEDADE



Dez empresas biotech de Galicia aprenden como seducir investidores en I+D para que aposten polos seus proxectos

Bioga promove, con apoio da Gain, a Bio Investor Academy, unha iniciativa que forma o sector para que poida presentar o seu plan de negocio a fondos públicos e privados na Lonxa de Investidores Bio do 16 de xuño en Lugo



A Bio Investor Academy celebrou este venres no edificio Emprendia (Campus Vida), en Santiago de Compostela, unha das súas sesións formativas. BIOGA

venres 3 de Xuño de 2016 | Galiciaé | Santiago de Compostela

Dez empresas biotecnolóxicas galegas reciben formación durante os meses de maio e xuño para aprender a seducir investidores públicos e privados e que estes aposten financeiramente polos seus proxectos. A Bio Investor Academy, unha iniciativa que

desenvolve o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) con apoio da Axencia Galega de Innovación (Gain), forma os impulsores dunha decena de iniciativas biotech de Galicia para que poidan explicar o seu plan de negocio aos investidores públicos e privados que acudirán o 16 de xuño á VI Lonxa de Investidores Biotech que se celebrará en Lugo.

A Bio Investor Academy celebrou este venres no edificio Emprendia (Campus Vida), en Santiago de Compostela, unha das súas sesións formativas. As empresas coñecen como lograr financiamento para sacar adiante os seus proxectos, que estratexias deben aplicar para captar investimento e convencer investidores públicos e privados ou que capital será necesario para pór o seu proxecto no mercado. Tamén aprenden a saír airosos das diferentes cuestións que poidan expor o próximo 16 de xuño en Lugo os representantes dos fondos de investimento que acudirán a Lugo á VI Lonxa de Investidores Biotech. Os proxectos con maior potencial de viabilidade e crecemento presentarán o seu plan de negocio en encontros bilaterais. O equipo docente está liderado por Eladio Crego, consultor senior en EFT Consulting.

"Achegamos ferramentas para que as empresas biotech teñan as máximas garantías á hora de negociar cos investidores e que toda esa negociación se desenvolva nun marco de seguridade xurídica". Quen así fala é a avogada Judith Saladrigas, executiva de Rousaud Costas Duran, o primeiro despacho en España en incorporar un departamento de Innovación. "As empresas teñen que ser capaces de seducir o investidor para que achegue recursos e capacidades que os proxectos necesitan para gañar valor". En opinión de Judith Saladrigas, que este venres impartiu docencia na Bio Investor Academy, a clave ou o punto de equilibrio está en "negociar ben o pacto de socios e todas as cláusulas que impliquen compromisos para o emprendedor e dereitos de control para o investidor".

Os participantes na Bio Investor Academy 2016 son os seguintes proxectos: Reseta (Pontevedra), Secretos de Galicia (Lugo), LINCbiotech (A Coruña), Meetlab (A Coruña), GenDR (A Coruña), Lacteal (A Coruña), KITGAG, da Fundación Ramón Domínguez, (A Coruña), Anti-Fibrosis, da Fundación Galicia Sur (Pontevedra), BETA (Pontevedra) e Oncostellae (A Coruña).

[SECTOR EMPRESARIAL](#) | [BIOTECNOLOGÍA](#) | [BIOGA](#)